



**LUÍS TEIRA PARADA**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante a Comisión de Goberno e ante o Alcalde en relación coa demanda de mellora da limpeza no barrio de Bandourrío e arranxo da rúa Perú.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio de Bandourrío acaba de sufrir unha recente remodelación, convertindo unha das súas principais rúas, a rúa manzanares, en peonil. Esta rúa e as próximas (Praza de Teruel, etc) son moi transitadas pola veciñanza sobre todo durante as noites da fin de semana.

A pedra do pavimento das rúas peoniles estase ennegrecendo polo lixo que están acumulando. Sería pois preciso o uso periódico dalgún produto de limpeza que mellore a limpeza das pedras do pavimento.

O parque Pedra Pateira é usado pola veciñanza e sobre todo por nenos e nenas de curta idade. Neste parque a limpeza do mesmo debería ser máis profunda xa que nel é frecuente atopar restos de lixo e cristais. Nese mesmo parque tamén hai arbustos que requiren unha mellora por parte dos servizos de xardinería.

A rúa Perú é unha das rúas de Bandourrío que presenta numerosos baches, restos de lixo, e herba que medra, etc a cal precisa unha actuación integral axeitada. O estado de abandono é o mesmo na escaleira que vai da rúa Manzanares á nomeada rúa Perú.

Polo tanto

## SOLICITO:

1º A mellora do servizo de limpeza na rúa Manzanares, utilizando periodicamente algún produto non contaminante que permita a limpeza da pedra do pavimento.

2º A mellora da limpeza no Parque Pedra Pateira e a mellora do coidado do parque por parte dos servizos de xardinería municipal.

3º A actuación integral da rúa Perú que acondicione o firme da estrada e mellore a limpeza da mesma e o acondicionamento da escaleira que vai da rúa Manzanares á rúa Perú.

Ribeira, 9 de agosto de 2007

Asdo.: Luís Teira Parada

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**